

Milagros Polo

Traballamos desde a escisión ata moi entrado o século XX. Os cambios que se foron sucedendo desde as vangardas históricas foron abruptos, producindo con frecuencia xermolos de conservación desa escisión, mesmo baixo máscaras de ruptura. Algunhas das liñas máis radicais da escritura lírica última polarizáronse en dous campos, especialmente: o que camiña cara á desaparición da palabra ou o que destrúe o seu sentido.

Obviamente non podía, desde a nosa posible racionalidade, ocorrer cousa distinta. A tradición da poesía non deixa de ser un acaecer múltiple no labirinto que intercepta Misterio e Polis. Nada hai exento, senón trezado na procreación rizomática –ó dicir de Deleuze– que se exhibe nos significantes, e que, por diversas confluencias, deviñeron significantes-rei, cos seus diversos reinos de taifas. Das mallas da linguaxe non parece, hoxe por hoxe, que poidamos saír. Pero tamén sabemos do desgaste das «verdades», que cobren os horizontes do tempo, e polo tanto, acaso xa se está producindo a decantación desa hexemonía violenta.

Quero con este preámbulo chamar a atención sobre algúns indicios claros doutra volta de rosca, que indubidablemente non afecta ás soas escrituras poéticas, senón a toda a engranaxe de planos de creación. Nun texto de Antonio Machado, o excelente meditador da lírica española, obsérvase, no seu momento, tamén conflictivo, a señardade cara a unha volta platónica, a necesidade «unitaria» que eliminara o recorte kantiano. O devandito texto di:

Dicen que el ave divina,
trocada en pobre gallina,
por obra de las tijeras
de aquel sabio profesor
(fue Kant un esquilador
de las aves altaneras;
toda su filosofía,
un sport de cetrería),
dicen que quieren saltar
las tapias del corralón,
y volar
otra vez hacia Platón.

¡Hurra! ¡Sea!
¡Feliz será quien lo vea!!

Tesouras aínda, en funcións de tantos aprendices de barbeiro, e non precisamente do grande tosquedor Kant. Pero acaso a ave divina, ou a súa metamorfose, estea xa a punto de saltar as tapias do curral, pois a «técnica» separadora e violenta parece que xa non funciona. Claro que sería moi prolixo debater agora que modelo de Platón, pois non é o denominado «idealista». Outro era o de Machado... e o noso².

Do significante-rei ó impulso antirretórico cara ós límites

O xiro móstrase en moitos indicios e, desde logo, nalgúns textos do poeta Claudio Rodríguez Fer. Aínda que só o proceso poderá verificar as hipóteses.

Porque a escisión desaparece ou quere desaparecer nel arrastrando coma nun trebón impredecible as arduas lapidacións do significante-rei. Escoitamos ata a saciedade esa ladaña da linguaxe-ser. Pero debaixo corría outra verdade: tiñamos só o *farmacon* derridiano³. Unha apócema que nos ía convertendo en «pezas de museo». Unha grande parte das escrituras poéticas últimas sufriron esa lapidación manierista. As escrituras quixerón medrar en terras baldías, coa astuta cantilena de que todo é baldío agás a escritura, que tamén é morte. Unha escritura actual demostrou, sen demostración, con gran factura, a magnificencia tráxica dese significante-rei: Guillermo Carnero⁴, sen dúbida un dos escritores de poesía máis interesantes porque escribe desde a coherencia da súa «lucidez». Outros moitos caeron nas celadas da súa propia autofaxia.

Rodríguez Fer parece abrir un burato na parede de linguaxe e saír «por peteneras», aínda que sexa galego. Xosé Luís Axeitos⁵ subliña a presenza de mundos animais e vexetais na escritura claudiana. Acaso non haxa outro modo de aproximarse ó universo unitario, ou fronteirizo, non escindido, aínda que si múltiple e infinito, ó mundo evidentemente «material», pero dun materialismo dialéctico alleo a todo burdo mecanicismo. Ese universo medial que arrastra a unha nova concepción na que non encaixa nin o símbolo, nin a alegoría, como extremos de unidade rota. A poesía de Claudio R. Fer escapa tanto do misterio coma do «constructo». Tanto nos temas como na propia escritura, obviamente vencelladas, hai un impulso antirretórico, que vai cara os límites. Eses límites teñen a espacialidade do universo e o núcleo central é unha cordialidade erótico-política. Hoxe, cando xa están gastadas as

1. Antonio Machado, *Poesías Completas*, vol. I, ed. crítica de Oreste Macrì, Madrid: Espasa-Calpe, 1989, p. 578.

2. O máis cercano ó noso concepto de Machado, nos estudos de José María Valverde e de Manuel Ballesteros dedicados ó poeta.

3. Derrida, na súa defensa da escritura, abundou neste concepto, *farmacón*, presente en Platón, negativamente.

4. Guillermo Carnero, *Ensayo de una teoría de la visión*, Madrid: Hiperión, 1979.

5. Xosé Luís Axeitos, «O poema «Cebra», de Claudio Rodríguez Fer. (O erotismo como forma de coñecemento)», *Boletín Galego de Literatura*, Universidade de Santiago de Compostela, 4, Novembro, 1990.

ponencias do compromiso, fai falla repetirnos que o poeta sempre está comprometido e é, se é poeta, revolucionario. A radicalidade orixínase, en calquera tempo, desde unha rebelión, individual, que se fai colectiva se a colectividade fai ó poeta necesario. Desde Arquíloco a Ovidio, de Pasternak a Miguel Hernández, de Cernuda a Valente, a palabra do poeta sempre reborda os límites impostos.

Do «devir animal» ó «máis alá» dos mundos namorados

Agora, Claudio R. Fer dá tódolos indicios dun rebordamento: o movemento imparabile do corpo terrestre, irmán da Terra e o Universo, misterioso no seu xirar harmonioso, cercano acaso ó ideal renacentista das esferas estelares. Outro dos indicios é ese «devir animal» ou mirfádico metamórfico, de animais especialmente, e mundo terrestre⁶. Xiro do mundo onde «imos vivir mil anos»⁷. Necesidade dunha erradicación da morte que enlaza cos arquetipos máis primitivos, no sentido junguiano⁸.

Paganismo celta, de prateados matices máxicos e transgresores. A lúa, non o sol, a muller como rebelión ancestral, a meiga dá amor e dá salvación que se fai condenación ó proclamarse fronte á «ortodoxia». A muller é, precisamente agora, un valor que comeza, unha nova moeda, de séculos enterrada. O poeta entrégase a este novo valor desde outros principios: «nada que non sexas subversión ou muller»⁹.

Xa nas vangardas históricas empezou a ter prioridade un novo sentido desa parte esquerda do universo. A muller vaise facendo especialmente «metafísica», pero desde a gozosa animalidade dun mundo xa non escindido polo Nome do Pai, como moi ben ironiza Lacan¹⁰. Terra luar e terra feminina que por selo é neta heterodoxia. O gozo e a liberdade irmánanse na escritura do poeta, que defende desde as orixes, non desde as sempre gastadas «ideoloxías», a prioridade do dobrete: Amor/Liberdade.

É o Amor, e o seu centro radiante e luminoso, o que é a Vida. E na súa persecución persiste o poeta. Se quixeramos ver a diferenza, que cada poeta inaugura, se o é, podemos comparar dous textos. Un pertencente a outra promoción, pero tamén dun autor unxido pola ebriedade e a positividade do mundo: o poeta zamorano Claudio Rodríguez. En versos seus, incluídos no libro *El vuelo de la celebración*, atopamos paralelismos e diferencias ante ese territorio do pracer, que non só o é na súa parcialidade erótica, senón que expresa unha mirada ó Universo, unha radicación non só fálica, senón antropolóxica¹¹.

6. O máis cercano a eses équidos metamórficos da escritura de Claudio R. Fer son os devires animais nas teorías de Deleuze e de Guattari.

7. Claudio Rodríguez Fer, «Imos vivir mil anos», *Manifiesto por un movimiento vital*, Extrema Europa, 1990.

8. Sabido é que Jung, na súa obra de *Símbolos de Transformación*, remite a un mundo en expansión dunhas imaxes primordiais.

9. Claudio Rodríguez Fer, «Okapi», *Vulva*, Santiago da Compostela: Libros da Cebra, 1990, p. 168. Utilízase esta edición, que reúne cinco obras eróticas do autor, para citar todos os textos pertencentes a *Poemas de amor sen morte*, *Tigres de ternura*, *Historia da lúa*, *A boca violeta* e *Cebra*.

10. A muller coma o Outro nun suxestivo traballo de Lacan, *El Seminario*, n.º 20, Paidós, 1981, p. 79.

11. Fronte á visión freudiana, o mesmo Lacan proxecta unha visión do gozo, separado da particularidade netamente fálica, propia na muller e do que chamamos Outro.

E sen dúbida un poema no mesmo territorio no que se centra o poema de Claudio R. Fer titulado «Crótalo»¹². A variación é para nós de matiz moi distinto e nesa diferenza proxéctase a visión do poeta galego como un Universo de combustión amorosa do que participa, endeusándose no Outro, o Eros mesmo.

Os termos relixiosos do poeta zamorano son evidentes; o Grial para como fondo dun idealismo aínda clásico. Algúns excelentes textos do Valente último andarían tamén, en profundidade indiscutible por eses meandros do gozo, a experiencia mística e o feminino-en-liberdade¹³. Pero os poetas desa promoción non aportan aínda a violencia exaltada, romántica, do gozo-heterodoxia-liberdade. Faltaba neles o crecemento certo dunha Polis, desatada a outros novos ventos. Acaso o poeta non deixa de pastorear o ser –dixit Heidegger–, pero os rabaños e os pastos tamén se metamorfosean. Noutro escano novo, e sen dúbida cheo de promesas, anda a escritura de Claudio R. Fer.

Pero queremos reler a visión do poeta galego: a forza «romántica» en estado de rebelión. En principio o título é «Crótalo», que densifica a complexidade dunha imaxe asociada sempre ó que transgrede, pese ó principio maquinal e aínda por ese inicio maquínico e «vulgar» desde onde o poeta quixo partir. Pensamos sen dúbida no famoso cadro de Duchamp¹⁴, onde a visión maquínica, moderna, indubidable, non impide a mensaxe dun panerotismo universal de raíz transgresora, posto que toda a paisaxe apunta ó mesmo termo: esa é a Vida. E a «realidade-femia» para, acaso como deusa indubidable dese universo de materia única e infinita. Todo o move o amor, tamén como León Hebreo, nun contexto conflictivo e transgresor¹⁵.

Rodríguez Fer parte a ese reino universal de luz negra onde arde a vida: máxica «caverna», «estrela radiada», «roxa a túa rosa». Como en viaxe iniciática que, á postre "estala... máis alá":

Perdo o control da nao
e o meu crótalo centro
estala porque está máis alá.¹⁶

É ese «máis alá» o que en todas direccións chama o poeta. As veces, como nalgúns textos máis dos inicios, cargándose de topos románticos que indubidablemente atrapan a súa memoria, como no texto «Máis alá da saudade» (*Poemas de amor sen morte*, 1979). Non estrañamente se mesturan os nomes antigos e modernos dunha revolución que alcanza, desde o vertical ó horizontal, do misterio á sinistralidade:

12. Claudio Rodríguez Fer, «Crótalo», ob. cit., p. 169.

13. Algunhas escrituras femininas poñen en evidencia esa nova experiencia antropolóxica. Entre elas: Virginia Woolf, María Zambrano, Melanie Klein.

14. Tanto nos seus escritos teóricos coma na súa pintura –«O Gran Vidro»– a máquina moderna ten un centro, que é o Amor e o «feminino». A noiva, como gran mito que move o mundo.

15. O médico xudeu que sufriu sucesivas expulsións en España e Italia. A súa obra *Diálogos de Amor*, de clara tendencia platonizante, pon como principio fundamental da vida a Eros.

16. Claudio Rodríguez Fer, ob. cit., p. 169.

Unha «segunda natureza» como único espacio, que traxicamente absorbe o sangue do corpo humillado. Vampirización antropolóxica coa que o século parece acabar. Pero a un poder opoñe outro poder, e novas escrituras medran impulsadas, novamente, por Eros.

Eros como actividade, paixón, fusión, e tamén anarquía. É nese centro móbil e presente onde o poeta Claudio R. Fer se sitúa. Situación de voracidade tenrísima, fera amorosa allea ós conceptos, ás palabras, ós signos. Por isto, e en indubidable resonancia de cultura, incita o cantor á súa amada a vivir fóra dos nomes: «Para vivir eu pido non coñecer máis nomes» (*Historia da lúa*, 1984)²¹.

Sen dúbida veñen á memoria dúas estancias distintas, fixas ónomear, inda que aínda non inundadas pola cifra e inflación do «significante». Foron ricos limiares que se pervertiron. O Juan Ramón Jiménez de «¡Intelijencia, dame / el nombre exacto de las cosas!», e, despois, un paso máis, Pedro Salinas, en «¡Qué alegría más alta / vivir en los pronombres!». Certamente que aquel espacio e os dous poetas citados, estaban lonxe desa estación da derradeira década da fin do século. Pioneiros pervertidos á fin, pero en vías de renacemento. Acaso sexa posible un regreso a Platón, ó outro. E non dubidamos que a escritura de Claudio Rodríguez Fer se encamiña cara a alá. «Máis alá». Aquí, na marabilla dos múltiples mundos namorados.

Milagros Polo
Universidade Complutense
Madrid